

MEMORIA-INFORME PARA TRAMITAR UN CONVENIO ENTRE O INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA E O INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA PARA REALIZAR A ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA NO ÁMBITO TERRITORIAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Ref.: 20TX/mmo
Expt.: 2020/ NG23

ANTECEDENTES E RAZÓNS DE OPORTUNIDADE

O Instituto Nacional de Estatística (INE) e o Instituto Galego de Estatística (IGE), conscientes da importancia de manter e reforzar as relacións de cooperación, subscribiron o 28 de xullo de 2008 un convenio para realizar a Enquisa de Poboación Activa no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, que se desenvolveu a plena satisfacción das partes e cuxa vixencia finalizou en outubro de 2019.

A experiencia adquirida na execución deste acordo aconsella continuar cooperando e coordinando as actividades estatal e autonómica, toda vez que o Estado ten competencia exclusiva sobre estatísticas para fins estatais (artigo 149.1.31 da Constitución) e a Comunidade Autónoma ten competencia exclusiva sobre estatística para fins autonómicos (artigo 27.6 do Estatuto de Autonomía de Galicia).

En desenvolvemento destas previsións competencias, a Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública recolle nos seus artigos 26.r) e 41.1 que o INE poderá celebrar acordos e convenios cos servizos estatísticos das comunidades autónomas, para mellorar a execución das súas operacións estatísticas, ou para evitar duplicidades e gastos.

Pola súa parte, a Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, establece no seus artigos 39.1 e 39.3 como funcións do IGE a de dirixir e coordinar a actividade estatística da Comunidade Autónoma e a de realizar as estatísticas que se lle encomenden no Plan Galego de Estatística e nos seus programas anuais, así como as que se establezan mediante convenios con outros organismos estatísticos.

Polo exposto, parece conveniente subscribir un novo convenio entre ambas entidades.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Que dentro da Secretaría Xeral, o Servizo Técnico Xurídico e de Contratación, segundo o Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do IGE, asume o impulso e a tramitación administrativa do expediente.
- Que se debe solicitar á Asesoría Xurídica da Consellería de Facenda e Administración Pública un informe previo sobre o proxecto deste convenio entre o INE e o IGE.
- Que, ao se tratar dun convenio sen achega ou obriga económica algunha, non se considera necesaria a súa fiscalización pola Intervención xeral ou delegada.
- Que é aplicable o establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, que conforman o capítulo VI “Dos convenios” dentro do título preliminar.
- Que tamén é aplicable o establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios que celebre a Xunta de Galicia, organismos autónomos e entes de dereito público dependentes dela, con outras administracións ou entes de dereito público ou privado, polo que se remitirá copia compulsada do texto do convenio.

A xefa do Servizo Técnico Xurídico e de Contratación

Mónica Martínez Otero

Visto e prace

A Secretaria Xeral

Rosa Elvira Fernández González

